

**21-22-23
outubro**

Folga xeral estudiantil

**Contra a privatización da
Universidade, o Bacharelato e a FP!**
**Ensino público de calidade,
laico e gratuíto!**
Queremos bolsas, non hipotecas!
Non ás contrarreformas franquistas!
Wert dimisión!



Manifestacións: 22 de outubro-12 h.

- **Compostela:** na Alameda
- **Coruña:** na Praza da Palloza
- **Ferrol:** no edificio da Xunta (Praza de España)
- **Lugo:** na Av Ramón Ferreiro (fronte ao IES)
- **Vigo:** en Praza América



Desde que o Partido Popular chegou ao Goberno, os mozos e os traballadores vivimos un auténtico pesadelo, soportando ataques brutais ás nosas condicións de vida, aos nosos dereitos democráticos e aos servizos sociais máis básicos.

A educación pública foi unha das dianas nesta ofensiva da dereita. Queren devolvernos aos anos do franquismo, cando soamente os fillos dos ricos tiñan garantido o seu dereito ao estudo e para iso elaboraron un plan para desmantelar a educación pública que comeza coa contrarreforma franquista da educación —a famosa LOMCE— que entrará en vigor este curso. Queren expulsarnos do sistema educativo, especialmente dos estudos superiores, roubándonos o dereito a ter unha cualificación digna, para que nos convertamos en man de obra precaria con salarios de miseria, ou directamente en parados crónicos como xa ocorre con centos de miles de mozos.

**Os ataques do PP continúan:
taxas en bacharelato e FP,
préstamos bancarios en lugar de becas
e novo decreto para privatizar a Universidade**

O ministro Wert está decidido a introducir o copago en todas as etapas educativas que non sexan obrigatorias. Que quere dicir isto?: privatizar por completo a educación

e que só poida estudar Bacharelato ou Formación Profesional superior quen poida paga-lo. Como xa impuxo CiU en Catalunya, coas taxas de 400 euros para a FP, ou o PP na Comunidade de Madrid. Agora queren estendelo a todo o Estado.

Pero ao Partido Popular non lle é abondo con isto nin cos máis de 45.000 estudantes que xa foron expulsados da Universidade porque non dispoñen dos recursos para pagar unhas taxas que aumentaron brutalmente. Para que as portas da Universidade queden completamente pechadas para a inmensa maioría dos estudantes que provimos de familias traballadoras, ademais de incrementar o custo das taxas universitarias ata un 66% en moitas zonas do estado, recortaron drasticamente o importe das bolsas e demoraron o seu pago ata unha vez rematado o curso. E a isto súmase as declaracións da número dous do Ministerio de Educación, a multimillonaria Montserrat Gomendio, afirmando que se debería rematar co actual sistema de bolsas e substituí-lo por préstamos bancarios. Que escándalo! Pretenden eliminar as bolsas e o dereito ao estudo de todos, e que só se poida cursar unha carreira ou un máster se te hipotecas cos bancos!

Por se isto non fose suficiente, o ministro Wert xa puxo enriba da mesa un novo decreto que pretende reducir os graos universitarios a tres anos, desvalorizando

completamente este título, que se converterá en papel mollado no mercado laboral. Ao mesmo tempo impondrán que os másteres sexan de dous anos no canto dun, para completar os estudos universitarios. Con esta medida queren establecer unha nova barreira económica completamente insalvable para a maioría. Cos prezos actuais, de 4.000 ou 7.000 euros para poder cursar un ano de máster, está claro que será unha minoría privilexiada quen poida costearlo, e ademais facelo nas universidades privadas que é o que realmente quere potenciar o PP. Están decididos a expulsarnos da Universidade, pero non o imos a consentir!

O comezo de curso, rebelión nas aulas! Á folga xeral estudantil o 21, 22 e 23 de outubro!

Nestes dous anos os estudantes inundamos as rúas en catorce xornadas de folga que paralizaron a educación, xogando un papel decisivo no impulso da Marea Verde. Co apoio dos nosos pais e profesores, que estiveron ao noso lado, a mobilización logrou atrasar a implantación da LOMCE e que ata 2017 non se leven a cabo as reválidas. É unha lei que naceu morta e que grazas á mobilización é posible que poida non chegar a aplicarse e finalmente se derroga. Pero podemos conseguir moito máis: a forza que a Marea Verde amosou nas rúas pode botar atrás todos e cada un dos ataques do PP, igual que se logrou coa dimisión de Gallardón e a retirada da Lei do Aborto, coas loitas da Marea Branca contra a privatización da sanidade pública, os veciños de Gamonal ou tantos e tantos sectores que se mobilizaron. Unha cousa quedou clara nestes anos: SI SE PODE!!

Desde o Sindicato de Estudiantes entendemos que a mobilización é o único camiño posible, e por iso chama-

mos a todos os estudantes a converter o mes de outubro nunha rebelión xeral polos nosos dereitos, celebrar miles de asembleas, peches e concentracións para organizar a gran folga xeral estudantil os días 21, 22 e 23 de outubro que paralice toda a educación, baleirando todos os institutos e universidades públicas e tomando as rúas. O 21, folga en todos os centros e facultades e organizar piquetes informativos en todas as cidades e localidades; o 22, manifestacións masivas de estudantes pola mañá e o 23 o Sindicato de Estudiantes promoverá manifestacións conxuntas con pais e profesores.

Chamamos a todos os profesores, pais e nais a que apoiem activamente a folga estudiantil e emprazamos á dirección de CCOO e CEAPA así como ao resto de organizacións que forman parte da Plataforma Estatal pola Escola Pública a que escoiten ás miles de familias que viven arrefriadas as consecuencias dos recortes e convoquen xunto cos estudantes a xornada de folga do día 23 coincidindo coa última xornada de folga estudiantil. Tamén facemos un chamamento á Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público (e especialmente á dirección de CIG-ensino), a que convoque a folga para garantir unha paralización total das aulas, confluindo así coas mobilizacións que inundarán todo o Estado contra os ataques á educación pública de Wert e poñer entre todos contra as cordas ao Goberno do PP.

A única resposta que cabe nesta situación é a de loitar de forma decidida. Accións simbólicas ou declaracións retóricas non van a frear ao goberno. Para derrotar a contrarreforma franquista e defender o ensino público hai que continuar a mobilización de xeito contundente, estendéndoa e facéndoa unitaria ao máximo. Todos xuntos podemos botar a Wert e varrer todos os seus ataques!

▶ **Non máis recortes á educación pública! Non ao copago do bacharelato e a FP superior! Non ao Decreto de Privatización da Universidade!**

▶ **Educación pública, digna e gratuíta desde a escola infantil ata a universidade!
Nin un euro máis á escola privada concertada!**

▶ **Queremos bolsas dignas e a tempo, non hipotecas bancarias!**

▶ **Retirada inmediata da contrarreforma franquista da educación (LOMCE).**

A educación mellórase adicando máis recursos, reducindo o número de alumnos por aula e contratando máis profesores, non con reválidas nin clases de relixión.

▶ **Readmisión dos nosos profesores despedidos.**

Todos á folga estudantil o 21, 22 e 23 outubro!



www.sindicatodeestudiantes.net • galiza@sindicatodeestudiantes.net • 981 563 100 (ext 12867)

Sindicato Estudiantes da Corunha / Sindicato De Estudiantes Vigo • @SindicaEstudian